

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A ÁREA SANITARIA DE SANTIAGO E BARBANZA ASINA UN ACORDO DE COLABORACIÓN COA ASOCIACIÓN GALEGA DE TRANSPLANTADOS MEDULARES

- ***O convenio oficializouse esta mañá no Hospital Clínico Universitario, asinado pola xerente Eloína Núñez e por Mario Álvarez Rodríguez, en nome de ASOTRAME, asociación que forma parte do consello asesor de pacientes da área***
- ***O obxectivo é poñer en marcha accións e informacións destinadas á mellorar a situación das persoas afectadas por transplantes medulares, dos seus familiares e contorno social***

Santiago de Compostela, 5 de febreiro de 2020.- A Área Sanitaria de Santiago e Barbanza asinou esta mañá un acordo de colaboración coa Asociación Galega de Transplantados Medulares (ASOTRAME). O convenio asinouno a xerente da área, Eloína Núñez, e Mario Álvarez, coordinador de ASOTRAME Santiago, que estiveron acompañados pola subdirectora de Calidade Asistencial, Humanización e Atención á Cidadanía, Beatriz Pais e polo xefe de servizo de Hematoloxía, José Luís Bello.

ASOTRAME, asociación que forma parte do consello asesor de pacientes da área sanitaria compostelá, ten como obxectivo poñer en marcha accións e informacións destinadas á mellorar a situación das persoas afectadas por transplantes medulares, dos seus familiares e contorno social.

O convenio recolle as seguintes iniciativas:

- **Proxecto Apoio Entre Iguais:** destinado a establecer relacións entre pacientes que acaban de ser diagnosticados de cancro hematolóxico e ex pacientes, co propósito de apoiar aos primeiros no proceso da enfermidade, mellorando a asimilación da nova situación a través do intercambio de experiencias e vivencias e o apoio emocional.
- **Proxecto Luces de Cores:** iniciativa que pretende combater a especial dureza de determinadas épocas do ano, como por exemplo o Nadal. Trátase de impartir uns talleres creativos, cuxas obras se mostrarán mediante a instalación dunha exposición na planta de Hematoloxía.
- **Axudas Materiais en Hospitais:** unha forma de colaboración que xa materializou nos últimos anos, como por exemplo o caso das pedaletas, para o fomento da actividade física dos pacientes ingresados.
- **Proxecto café con ASOTRAME:** un espazo de encontro que, con periodicidade mensual, pretende que os familiares dos pacientes ingresados poidan interactuar e



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

coñecerse, situándoo na sala de estar da planta e contando coa presenza de voluntarios/as e cunha psicóloga da asociación.

- **Arte e Emocións**, iniciativa desenvolvida por unha artista multidisciplinar, consistente na realización de talleres plásticos, unha vez por semana, para pacientes ingresados co obxectivo de facilitar a través da experiencia artística, a expresión das emocións.

Amais destas actividades concretadas, o convenio quedou aberto a calquera outra iniciativa.

Para a Xerente da área sanitaria compostelá, Eloína Nuñez, trátase “de avanzar no obxectivo de intensificar a colaboración entre asociacións e os profesionais dos nosos centros para a consecución dunha mellor atención ás persoas das que nos ocupamos”.

Pola súa banda, Mario Álvarez en nome de ASOTRAME afirma que “o convenio é o paso que faltaba para poder consolidar a nosa presenza en planta, aumentando o abano de actividades que se poidan facer. Todo isto non sería posible sen a axuda e o apoio dos grandes profesionais que conforman o servizo de hematoloxía”, cuxo xefe é o doutor José Luís Bello.

Saúdos,